Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

Resolución de 14 de outubro de 2020 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, en relación coa a convocatoria do proxecto BIBLIOTECA CREATIVA para curso 2020/21, de 2 de setembro, pola que se dan a coñecer os centros integrados neste programa, co fin de apoiar a cultura da experimentación, a creación e a investigación, en espazos creativos e cooperativos no seo das bibliotecas escolares dos centros que matriculan alumnado de educación infantil e primaria, integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares.

Con data 2 de setembro de 2020 a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos fixo pública, a través do Portal Educativo, a convocatoria do Proxecto Biblioteca Creativa, dirixida a apoiar a introdución, dentro da biblioteca escolar, dun espazo de experimentación e creación que aporte ao alumnado os recursos e materiais axeitados, estimular a iniciación do alumnado de infantil e primaria no campo da robótica e na linguaxe de programación a través de actividades manipulativas e outras, programadas desde a biblioteca escolar, mediante a utilización de pequenos robots, os Escornabots, deseñados dentro dun proxecto de Hardware Libre, cunha evolución aberta á comunidade. Buscábase, así mesmo, ampliar as linguaxes presentes na biblioteca, promover a expresión oral, a alfabetización múltiple, o razoamento lóxico, a aprendizaxe manipulativa, o xogo, a investigación e o traballo colaborativo de profesorado e alumnado.

A convocatoria ía dirixida aos centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (antes Educación, Universidade e Formación Profesional), e integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares durante o curso 2020/21 (agás os de nova incorporación na derradeira convocatoria), que matriculan alumnado de ensino infantil e primario. Contemplaba a incorporación de 25 novos centros a este proxecto así como a continuidade dos centros que xa puxeron en marcha este programa nos catro cursos anteriores, previa solicitude e valoración positiva da memoria de actividades correspondente.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes polos centros interesados, con data 29 de setembro reuniuse a comisión de valoración prevista no apartado 4 da convocatoria e elaborou unha proposta de selección de centros, tras analizar que todas as solicitudes compren os requisitos esixidos e segundo os criterios previstos:

- Centros integrados na fase anterior do proxecto:
  Valoración acadada pola memoria de desenvolvemento do proxecto “Biblioteca creativa”, no curso 2019/2020, e dos recursos elaborados.
- Centros de nova incorporación:
  1. Valoración acadada pola memoria PLAMBE do pasado curso 2019/2020; terán prioridade aqueles centros que presentan unha actividade media-alta.
  2. Localización: procurarase unha distribución axeitada polo territorio galego e reservarase un mínimo dun terzo das prazas dispoñibles para centros situados en concellos de ámbito rural.

De acordo coa proposta formulada por esta comisión de valoración e de conformidade cos apartados 1, 3 e 4 do texto da convocatoria,

RESOLVO:

Primeiro.- Seleccionar de entre as solicitudes de incorporación presentadas que se axustan aos requisitos da convocatoria e tendo en conta os criterios previstos, un total de **25** centros para a súa participación no proxecto Biblioteca Creativa para o curso 2020/21. A relación aparece recollida no anexo I desta resolución coa especificación de "nova incorporación". As actividades derivadas da participación nesta iniciativa deberán integrarse na dinámica da biblioteca escolar do centro. Recibirán os materiais necesarios para a posta en marcha desta iniciativa, que pasarán a formar parte do equipamento da biblioteca.

Segundo.- Admitir a continuidade de todos os centros integrados no Proxecto Biblioteca Creativa, de anteriores convocatorias, que presentaron a correspondente solicitude, á vista das memorias de actividades do curso anterior, e que aparecen reflectidos no anexo II. Recibirán as asignacións correspondentes, con destino a que se detalla no devandito anexo segundo a antigüidade no programa, tal e como se recolle no apartado 1 punto 4 da convocatoria deste programa.

Terceiro.- A persoa responsable da biblioteca en cada centro deberá coordinar e garantir a integración desta iniciativa na programación anual da biblioteca escolar. Xunto co equipo de biblioteca e a dirección do centro establecerán as medidas oportunas para o desenvolvemento do proxecto nos distintos escenarios posibles, respectando as instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para a organización e funcionamento das bibliotecas escolares, do curso 2020/21, <u>así como as pautas e instrucións das autoridades académicas e sanitarias, mentres dure a situación de excepcionalidade por mor da COVID 19</u>.

Cuarto.-A persoa designada por estes centros para participar na actividade formativa prevista na convocatoria de 2 de setembro de 2020 (responsable ou integrante do equipo de biblioteca), será convocada á unha xornada presencial que terá lugar, previsiblemente, na segunda quincena de outubro en Santiago de Compostela, en horario de tarde, organizada pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en colaboración co Servizo de Formación do Profesorado (CAFI), complementada por outra sesión telemática, cunha duración total de 8 horas e que dará dereito á correspondente certificación. Os asistentes recibirán formación inicial necesaria, así como as pautas para o desenvolvemento do proxecto no contexto da biblioteca escolar. A ausencia <u>non xustificada</u> a esta actividade exclúe da participación no proxecto.

Quinto.- Con data límite do 30 de xuño de 2021 os centros participantes deberán contribuír coas súas valoracións (nun impreso que se facilitará) á elaboración dun informe final deste proxecto piloto, que se difundirá a través dos espazos web desta consellería. Así mesmo, cada centro presentará unha breve memoria de actividades levadas a cabo durante o transcurso do proxecto (máximo dúas páxinas con apoio fotográfico como anexo). Esta documentación (en formato PDF) deberá dirixirse ao seguinte enderezo: https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=bibliotecacreativa2021/memoria

Sexto.- Os materiais elaborados pasarán a ser propiedade da Consellería Educación, Universidade e Formación Profesional conservando a autoría dos seus creadores, para pasar a enriquecer a experiencia do colectivo implicado no Proxecto Escornabot e de todos os participantes neste programa de Biblioteca Creativa, sendo publicados cunha Licenza Creative Commons Atribución-CompartirIgual 4.0 Internacional (http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/). Cando os centros fagan difusión dos traballos realizados no contexto do programa Biblioteca Creativa nos seus espazos web, deberán indicar a súa participación neste proxecto da Consellería de Educación, Universidade e

Formación Profesional, coa utilización do logo do programa que lles será remitido desde esta dirección xeral.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2020
O DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

XUNTA DE GALICIA - CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL - DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

Anexo I- Biblioteca creativa- 2020/21. Centros de nova incorporación.

Estes centros recibirán directamente os materiais para o desenvolvemento do proxecto.

Código	Centro	Concello	Provincia
15020969	CEIP Plurilingüe Mosteiro de Caaveiro	Capela, A	A Coruña
15021792	CEIP Salgado Torres	Coruña, A	A Coruña
15022981	CEIP Plurilingüe de Centieiras	Fene	A Coruña
15007655	CEIP de Caión	Laracha, A	A Coruña
15024951	CEIP Plurilingüe de Louro	Muros	A Coruña
15024239	CEIP dos Muíños	Muxía	A Coruña
15033101	CEIP Plurilingüe de Outes	Outes	A Coruña
15013591	CEIP Plurilingüe Santa María	Pontes de García Rodríguez, As	A Coruña
15027502	CEE Manuel López Navalón	Santiago de Compostela	A Coruña
15015676	CEIP de Prácticas López Ferreiro	Santiago de Compostela	A Coruña
27009050	CEIP Plurilingüe Monte Baliño	Pantón	Lugo
27012450	CPI Dr. López Suárez	Saviñao, O	Lugo
27014100	EEI San Roque	Viveiro	Lugo
32002122	CEIP Nosa Señora de Xuvencos	Boborás	Ourense
32006358	CEIP Plurilingüe do Xurés	Lobios	Ourense
36000508	CEIP Plurilingüe de Castrelo	Cambados	Pontevedra
36002347	CEIP Pérez Viondi	Estrada, A	Pontevedra
36007060	CEIP Plurilingüe de Chancelas	Poio	Pontevedra
36016942	CEIP de Santiago de Oliveira	Ponteareas	Pontevedra
36007497	CEIP Nosa Señora dos Remedios	Ponteareas	Pontevedra
36007631	CEIP Plurilingüe de Porto Cabeiro	Redondela	Pontevedra
36009846	CEIP Plurilingüe Nº 1	Tui	Pontevedra
36010241	CEIP Illas Cíes	Vigo	Pontevedra
36015251	CEIP Plurilingüe Frián-Teis	Vigo	Pontevedra
36012407	CEIP A Lomba	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra

Anexo II- Biblioteca creativa- 2020/21. Centros de continuidade. Asignacións.

Código	Centro	Concello	Provincia	*Medios para robotica e impresión 3D*	*Materiais espazo creativo*	*Obradoiros*
15000016	CEIP Plurilingüe San Marcos	Abegondo	A Coruña		1.040	
15020933	EEI de Barrionovo	Arteixo	A Coruña			535
15001070	CPI de Cruz do Sar	Bergondo	A Coruña		1.040	
15032426	CEIP Plurilingüe Graxal	Cambre	A Coruña	1.200		
15003054	CEIP Nicolás del Río	Cedeira	A Coruña			535
15003534	CEIP da Barqueira	Cerdido	A Coruña	1.200		
15002670	CEIP Canosa-Rus	Coristanco	A Coruña			535
15021627	CEIP Emilia Pardo Bazán	Coruña, A	A Coruña	1.200		
15021809	CEIP Sofía Casanova	Culleredo	A Coruña	1.200		
15032480	CRA de Culleredo	Culleredo	A Coruña		1.040	
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	A Coruña		1.040	

Código	Centro	Concello	Provincia	*Medios para robotica e impresión 3D*	*Materiais espazo creativo*	*Obradoiros*
15024227	CEIP de Pazos	Ferrol	A Coruña	1.200		
15026765	CEIP Milladoiro	Malpica de Bergantiños	A Coruña			535
15008714	CPI Plurilingüe da Picota	Mazaricos	A Coruña			535
15009071	CPI Castro Baxoi	Miño	A Coruña			535
15009081	CEIP de San Ramón	Moeche	A Coruña		1.040	
15009241	CPI Plurilingüe Virxe da Cela	Monfero	A Coruña	1.200		
15009391	CEIP Santiago Apóstolo	Mugardos	A Coruña		1.040	
15032911	CEIP Juana de Vega	Oleiros	A Coruña	1.200		
15014180	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Rianxo	A Coruña			535
15023430	CEP Xosé María Brea Segade	Rianxo	A Coruña			535
15027551	CRA de Rianxo	Rianxo	A Coruña	1.200		
15014957	CPI de San Sadurniño	San Sadurniño	A Coruña		1.040	
15026777	CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña	Santa Comba	A Coruña			535
15022589	CEIP Lamas de Abade	Santiago de Compostela	A Coruña	1.200		
15020921	CEIP de Présaras	Vilasantar	A Coruña			535
15026789	CEIP Baíñas	Vimianzo	A Coruña		1.040	
15019086	CEIP Labarta Pose	Zas	A Coruña	1.200		
27007958	CPI Luís Díaz Moreno	Baralla	Lugo	1.200		
27001609	CEIP Ramón Falcón	Castro de Rei	Lugo		1.040	
27002249	CPI Plurilingüe de Castroverde	Castroverde	Lugo			535
27015301	CEIP de Cervo	Cervo	Lugo			535
27004428	CEIP Plurilingüe de Foz nº 1	Foz	Lugo	1.200		
27010155	CEIP da Pobra de Brollón	Pobra do Brollón, A	Lugo		1.040	
27010325	CEIP Plurilingüe da Pontenova	Pontenova, A	Lugo			535
27013703	CEIP de Quiroga	Quiroga	Lugo		1.040	
27012474	CEIP Plurilingüe Virxe do Carme	Sober	Lugo			535
27012826	CEIP Plurilingüe Santa María do Valadouro	Valadouro, O	Lugo			535
27016674	CEP Luís Tobío	Viveiro	Lugo	1.200		
32000708	CEIP Virxe de Guadalupe	Avión	Ourense			535
32015116	CEIP Plurilingüe Condesa de Fenosa	Barco de Valdeorras, O	Ourense			535
32002951	CEIP Plurilingüe Calvo Sotelo	Carballiño, O	Ourense			535
32003771	CEIP Plurilingüe Curros Enríquez	Celanova	Ourense		1.040	
32015220	CEIP Vistahermosa	Ourense	Ourense	1.200		

Código	Centro	Concello	Provincia	*Medios para robotica e impresión 3D*	*Materiais espazo creativo*	*Obradoiros*
32016029	CEIP Plurilingüe Ben-Cho-Shey	Pereiro de Aguiar, O	Ourense		1.040	
32010601	CEIP Plurilingüe Manuel Bermúdez Couso	Pobra de Trives, A	Ourense		1.040	
32014151	CEIP Plurilingüe de Vilar de Barrio	Vilar de Barrio	Ourense			535
32004829	CEIP Rosalía de Castro	Xinzo de Limia	Ourense		1.040	
36000375	CEIP Plurilingüe da Torre-Cela	Bueu	Pontevedra		1.040	
36000326	CEIP Plurilingüe Montemogos	Bueu	Pontevedra	1.200		
36000648	CEIP Plurilingüe Enrique Barreiro Piñeiro	Cambados	Pontevedra		1.040	
36001550	CEIP Plurilingüe de Carballedo	Cerdedo-Cotobade	Pontevedra			535
36013618	CEIP de Figueiroa	Estrada, A	Pontevedra			535
36002773	CEIP do Foxo	Estrada, A	Pontevedra			535
36003832	CEIP Valle-Inclán	Grove, O	Pontevedra		1.040	
36018653	CEIP Plurilingüe As Solanas - Nicolás Gutiérrez Campo	Guarda, A	Pontevedra		1.040	
36014611	CEIP A Lama	Lama, A	Pontevedra			535
36004681	CEIP de Seixo	Marín	Pontevedra		1.040	
36015871	CEIP Plurilingüe de Meaño-As Covas	Meaño	Pontevedra			535
36016607	CEIP de Quintela	Moaña	Pontevedra		1.040	
36013552	CEIP de Seara	Moaña	Pontevedra		1.040	
36013564	CEIP Plurilingüe Pena de Francia	Mos	Pontevedra		1.040	
36015202	CEIP de Lourido	Poio	Pontevedra			535
36017715	CEIP Plurilingüe Antonio Palacios	Porriño, O	Pontevedra	1.200		
36017685	CEIP Plurilingüe da Ribeira	Porriño, O	Pontevedra	1.200		
36013576	CPI Manuel Suárez Marquier	Rosal, O	Pontevedra	1.200		
36024173	CRA María Zambrano	Rosal, O	Pontevedra	1.200		
36014738	CEIP de Leirado	Salvaterra de Miño	Pontevedra			535
36009032	CEIP Ramón de Valenzuela	Silleda	Pontevedra		1.040	
36018471	CEIP de Rebordáns	Tui	Pontevedra			535
36024112	CRA Mestra Clara Torres	Tui	Pontevedra			535
36010460	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Vigo	Pontevedra	1.200		
36017697	CEIP Escultor Acuña	Vigo	Pontevedra	1.200		
36010101	CEIP O Sello	Vigo	Pontevedra	1.200		
36016051	CEIP Seis do Nadal	Vigo	Pontevedra	1.200		
36010009	CEIP Virxe do Rocío	Vigo	Pontevedra	1.200		
36012377	CEIP Plurilingüe de Cerdeiriñas	Vila de Cruces	Pontevedra	1.200		